

**Cuadrillas  
de homes,  
mozos e nenos  
recorren  
as casas dando  
a boa nova  
cantando.**



**XOSÉ L. RIVAS CRUZ "MINI"**

Pacios - Begonte, xuño 1951.

Mestre. Cofundador de "Fuxan os Ventos". Cofundador e membro de "A Quenlla".

Ten publicados dous libros en colaboración con Baldomero Iglesias Dobarrio: "Contos de vellos para nenos" e "Somos lenda viva".



## MÚSICA POPULAR

# Tempo de Reis

Texto:  
**Xosé L. Rivas Cruz "Mini"**

Ilustracións:  
Debuxos de **Santiago Gutiérrez Gómez**  
Figuras de **A. Baltar**

**V**ai para quince anos que un grupo de mozos da parroquia onde vivo decidimos medio en serio, medio en broma, formar unha cuadrilla de Reiceiros e saírmos a canta-los Reis. Recabamos información entre os vellos que saíran anos atrás cantalos, aprendímolos e o día cinco de xaneiro, arredor duns doce mozos batámonos a cantar de casa en casa pola nosa parroquia e máis pola veciña.

Dixen que iamos un pouco á aventura porque había vintetantos anos que se deixara de practicar este costume. Nos pensábamos que era un xeito de esmorga coma corre-lo Antroido e, a fé miña que levamos unha boa lección.



**A velliña con párkinson movía os labios cantando as estrofas a canda nós, e unhas bagullas corrían polas súas meixelas.**

Na primeira casa onde pedimos licencia para cantar, tomáronnos de coña, pero cando viron que levábamos gaita de fol e percusións invítáronnos a entrar e a cantar. Nunha bucólica paisaxe: lareira, fume, cheiro a corte e vacas, e vella á beira do lume incluída, comezamos. A xente que antes estivera de farra connosco, ó senti-las primeiras palabras e notas mesturadas, trocou os risos por un relixioso silencio. A velliña con párkinson movía os labios cantando as estrofas a canda nós, e unhas bagullas corrían polas súas meixelas. Os da casa agachaban a cara cos ollos encarnados e a todos se nos puxo un nó na garganta. Aquilo era unha celebración colectiva e nós un xeito

de celebrantes dunha liturxia ancestral que en principio non atinábamos a comprender.

Pero o peor é que isto repetiuse en case tódalas outras casas, máis de sesenta, que visitamos ata o outro día ó mediodía. Se era moi noite, ían espertar ós nenos para que oísen os “Reices”. Se era día e o gando estaba fóra pacendo, ían buscalo para que tamén participase daquela especie de **celebración-bendición-boia nova** colectiva. Se os veciños da casa de enfrente estaban oíndo os “Reices” logo había que repetilos na súa...

¿Que xeito de tradición descoñecida estábamos rememorando?



## DO HOME E A NATUREZA

Sen luz eléctrica, sen calefaccións, sen aillantes, sen tele, sen radio, sen camiños, sen coches... A Natureza está máis cerca, sobrecolle, impón respecto. Sen o necesario para vivir, sen o conxelador cheo, sen ter a onde ir buscar un ferrado de trigo ou centeo para poder comer pan. Coa incertidume da colleita por labrar. A Natureza é dependencia total e provoca no home a aparición de defensas individuais e colectivas. A primeira defensa é a observación da Natureza mesma. O Sol creador e dadivoso en primavera e no verán, negador anunciante no fin do outono e efectivo na estación invernal. O Cosmos fai a vida máis dura, entristece os espíritos e obriga a hibernar, en certa maneira ó uso dos demais seres vivos. É Nadal.

Pero o home, a comunidade, necesita da esperanza, dunha salvación. E a liturxia dun tempo que se materializa nun xeito de vida especial, nuns ritos, nunhas crenzas transmitidas desde a noite dos tempos que nunca son racionalizadas nos seus motivos. Son así porque o foron sempre e admítense e practícanse sen seren cuestionadas.

## DA EXPLICACIÓN MÁIS PRÓXIMA

Hai uns dous mil anos unha nova relixión conquista o Imperio e sitúa o seu Deus Salvador nesta data solsticial. As colectividades agrarias asimilan de bo ou mal grado os novos símbolos e mestúranos cos vellos nunca esquecidos. Pero o Cosmos segue aí. As respostas litúrxicas son diferentes pero necesarias sempre. A Natureza pode ser xenerosa o ano próximo, propiciémola; anque tamén pode ser coreña e negar o imprescindible, interviñamos para encamiñala.

## DA SENSIBILIDADE

Xa está. O novo deus, o salvador, a Esperanza chámase Xesús, e materialízase nun neno que ademais é humilde como a xeralidade do pobo. A identificación é total. O pobo labrego, burdo e inculto a quen todos oficialmente negan a posibilidade de ser creador e sensible maniféstase con todo o seu poder. Utiliza a data do día 5 de xaneiro para facer a chamada necesaria para saír do letargo invernal. Cómpre anunciar o comezo do novo ciclo solar. Acabouse a tristura, poñámonos a traballar a terra. A nai Natureza pode ser dadivosa cos que a traballan. Comeza o primeiro traballo agrícola: a labra da terra.

Cuadrillas de homes, mozos e nenos recorren as casas dando a boa nova cantando, relatan-





do o feito da adoración dos Magos, a fuxida a Exipto, a viaxe de Nazaret a Belén... Camiño, sempre camiño. E as xentes ofrecen ós Reiceiros productos, ofrendas, pola boa nova, nun rito de fecundidade a un deus mesturado e inconcreto na forma pero real no fondo.

## DO CAMIÑO

Case a totalidade dos cantos de Reis, como poderedes ver nos exemplos do final deste traballíño, relatan unha viaxe. Sempre me chamou a atención. ¿Será para materializar en poesía e canción a viaxe anual do Sol?, (ata fai pouco era o Sol quen daba voltas arredor da Terra).

O Sol viaxa constantemente. O camiño é búsqueda dunha nova vida. Os Magos viaxan

sempre pola noite, é dicir, con ausencia de sol e seguindo un sol pequeniño, a estrela, para ver o soleno en Belén.

## DA PALABRA

O que vale principalmente nos cantos de Reis é a palabra, a letra do que se canta. Se os reiceiros comen estrofas, non saben ben o canto, ou non gardan a compostura necesaria,

non son bos oficiantes. Rachan co feitizo. Os oíntes coñecen a palabra, oírona ano tras ano e sábeno de memoria. Moitos deles tamén foron sacerdotes, algunha vez, desta

liturxia. Cando esto acontece non hai aguinaldo.

## DAS MENTIRAS

A meirande parte dos vilancicos e cantos de reis e nadales (xeito de reis que se cantaban nalgunhas zonas de Galicia o día vintecatro de decembro) son de corte culto. Nótaselles na melodía e nalgunhas letras. Cambios de tonalidade, de ritmos, de tempo, complicación musical... información rigurosamente bíblica nalgunhas letras...

Esto propiciou que os “estudiosos” do folclore, que miran as cousas desde lonxe, sen se mollaren, despreciando -coma sempre- o valor creativo do pobo, manteñan que a meirande parte dos vilancicos e cantos de reis son froito de compositores de altura... Pacheco...



Certamente que Pacheco existiu, e compuxo, e coma el outros moitos. Non puideron sustraerse ó feito cósmico. E tampouco puideron fuxiren da capitalización que do Nadal fixeron as clases populares: Xesús nace nun pendello, hai un boi e unha mula, ofréndanselle productos do País...

E compuxeron... ¿adaptaron? ¿reelaboraron? melodías populares enriquecéndoas musicalmente (Pascual Veiga na súa Alborada, ¿con cantas alboradas populares contou para “inspirarse”?). Isto non resta méritos a quen souberon estaren á altura dos seus tempos e da súa xente, pero non me agrada que se neguen os méritos dun pobo culto -que chea de significados pode ter esta palabra-. Que pena que os cultos só se manifestasen normais nesta época e utilizásen só aquí as linguaxes do seu pobo.

## DOS CANTARES E DA FORMA

Saían, e saen, o día cinco de Xaneiro (os Natales eran o 24 de decembro) en cuadrillas de tres, cinco... Formaban a cuadrilla un gaiteiro -case sempre- e dous ou catro cantores. Pedían licencia para cantar e comezaba o relato. Logo do relato pedíase, cantando, o aguinaldo e de seguido interpretaban unha jota ou unha muiñeira e convidaban a danzar ós da casa. As estrofas cántanse alternativamente. Son melodías lentas, cantadas sen respirar, con multitude de

mordentes e adornos propiciados pola gaita. Semellan algunhas cantos gregorianos, con perdón. Son todo un estilo e unha escola de canto, guturais, písanse os finais de estrofa cos comezos.

As xentes dunha casa poden estaren na do veciño cando llos cantan, pero logo hai que cantalos, os mesmos, na casa deles. Por veces van buscar o gado, e logo, con el dentro, cántase. Se é pola noite e os meniños están a durmir, vanse espertar para que os oían.

En fin, todo un xeito litúrxico que nos dou moito que pensar a aqueles que fomos e imos cantalos ano tras ano. ¿Por que non probades?

## AS PAPELAS

Posiblemente, ademáis de cantalos ó xeito, a meirande dificultade destes cantos sexa o pasalos a partitura. Son completamente libres e resístense ferozmente cando quero encaixalos en pentagrama. Estas papelas son unha apro-



**Logo do relato pedíase, cantando, o aguinaldo e deseguido interpretaban unha jota ou unha muiñeira e convidaban a danzar ós da casa**



ximación. É o que hai. Por certo, ¡BO NADAL!





### Reises da Manta

San Jo sé e-a Vir xen San ta por bai xo da man ta a Be  
 lén ca mi ño i ban e-a man ta por ri ba. San Jo

*San José camiña moito  
 por baixo da manta  
 pero a Virxe non podía  
 e a manta por riba.*

*Andemos, señora, andemos  
 por baixo da manta,  
 que se nos acaba o día,  
 e a manta por riba.*

Oido perto de Sarria no ano 76

## As Festiñas de Nadal

*Lento e libre*

As fes ti ñas de Na da le  
 son fes ti ña as de-a le  
 gri a

*Camiñando vai José  
 e maila Virgen María.  
 Camiñan para Belén  
 para llegharen con día.  
 Cuando a Belén llegharon,  
 la medianoche sería.*

*Las puertas taban zarradas  
 y el puertero no abría.  
 Abre las puertas puertero,  
 a José y a María.  
 Estas portas no se abren  
 mientras que no venga el día.*

*Después de ser descortés  
 tiene poca cortesía.*

Recollidos en Xanceda (Mesía)  
 A coruña

## Reises de Infiesta

*Lento e libre*

Va ia de re go ci jo va ia de in fi  
 es ta va ia y-en Be lén ha na ci do o el be llo o  
 sol del al ba.

*Oigan y escuchen todos  
 esta vieja tonada  
 y la alegría y buen gozo  
 y esté en la casa el ama.*

(retrouso)

**VAYA DE REGOCIJO  
 VAYA DE INFIESTAS VAYA  
 EN BELÉN HA NACIDO  
 EL BELLO SOL DEL ALBA**

*A Belén una niña  
 camina apresurada  
 y hermosa en cuanto bella  
 y un viejo en su compañía.*

(retrouso)

*Caminan poco y poco  
 llegaron a una cas,  
 de dentro les responden  
 ¿quién de estas horas llama?*

*E a señora ama da casa  
 como é tan honrada  
 subirá ó caínzo  
 e cortará sin tasa.*

Navia de Surana, 1975

## De Oriente Potentes Reices

*Lento e libre*

De-e sas par tes del O rien te tie rra

de-e se Rey Can de la sa lie ron tres Re yes

Ma gos si guien do van u na-es tre lla.

*De esas partes del Oriente  
tierra de ese, Rey Candela\*  
salieron tres Reyes Magos  
siguiendo van una estrella.*

*Sin saber unos de otros  
en el camino se encuentran,  
admirados se preguntan,  
que destino es el que llevan.*

*Dícense que van siguiendo  
una muy lucida estrella;  
que sus ojos no han visto  
otra semejante a ella.*

*Llegan a casa de Herodes,  
que era un rey de gran soberbia,  
preguntando por el Niño,  
Rey de los Cielos y Tierra.*

*Turbado se halló Herodes  
cuando esto les oyera,  
¿donde puede haber -les dice-  
niño de tanta grandeza?*

*Me direis, reis diligentes,  
ese niño donde queda,  
yo también quiero adorarlo  
y llevarle una grandeza.*

*Se despidieron los Magos,  
de Herodes y su pureza,  
y andando por la ciudad  
volvieron a ver la estrella.*

*Y andando por la ciudad,  
en donde paró la estrella,  
hallaron al Niño Dios  
en brazos de una doncella.*

*Los Reyes se arrodillaron  
y le ofrecen, con tristeza,  
los dones incomparables,  
valor que allí representan.*

*Unos te ofrecieron oro,  
otros le ofrecieron mirra,  
otros le ofrecen incienso,  
cada cual como podía.*

*Y estando en estas razones  
de los cielos descendiera  
un ángel con la embajada  
diciendo de esta manera:*

*No vayáis, Reis diligentes  
por donde Herodes dijera;  
cogeros otro camino,  
guiados por otra senda.*

*Recibieron la embajada  
con la divina muy cierta  
y a la mañana disponen  
dar vuelta para sus tierras.*

*Quédense con Dios, señores,  
astra o ano que volvamos;  
si pro ano non volvemos,  
que nel cielo nos veamos,  
que a todos nos dé la Gloria,  
que todos la deseamos.*

Recollidos en Brales (Boimorto) 1983

\*¿Tierras de Ur y Caldea?